

See discussions, stats, and author profiles for this publication at: <https://www.researchgate.net/publication/288993716>

GALENOS de GALICIA: Guerra Civil e represión polo franquismo.

Article · January 2012

CITATIONS

0

READS

23

1 author:



[David Simon Lorda](#)

Complejo Hospitalario Universitario de Ourense

84 PUBLICATIONS 42 CITATIONS

SEE PROFILE

Recuperando a Memoria (histórica) na sanidade galega (IV): GALENOS de GALICIA: Guerra Civil e represión polo franquismo

David Simón Lorda
Médico. Ourense.

Cad Aten Primaria
Ano 2012
Volume 18
Páx. 84-90

*Tumbas son hoxe as cunetas.
Hai mans en garra entre a herba triste.
Os mortos
levan un escapulario de pedra
co número do quilómetro.
Estades mortos, sepultados
en tumbas paralelas e infinitas.
¡Levantádevos como herba amarela
sobre os maizales!
Chegou o coche
cos homes feroces.
(¡Ai, se o Señor fose un bo poeta!)
E houbo nenos que asasinaron a homes.
(do poema CUNETAS (1947),
escrito polo médico lugués Luís Pimentel)*

As historias de represión, exilio e depuración que sufriu o colectivo dos médicos galegos nos anos da Guerra Civil e a posguerra da Ditadura franquista foron saíndo á luz na última década, e xa suman máis de 150 nomes. Unha cifra nada comparable no seu número aos máis de 14.000 galegos represaliados (5.000 mortos) documentados no portal Nomesvoceos.net (Proxecto Interuniversitario de Investigación "Nomes e Voces").

En todo o Estado español, amplos sectores da profesión médica sufriron diversos graos e modalidades de represión durante a Guerra Civil e durante a longa e tamén cruenta posguerra do franquismo. Debemos sinalar a grave transcendencia política e as importantes repercusións que tivo nas vidas das persoas que sufriron a represión, así como no propio desenvolvemento da ciencia médica e a organización da asistencia sanitaria en Galicia. A represión dirixiuse cruelmente contra aqueles sectores que se identificaron co proxecto

de transformación político e social republicano. Foi unha represión selectiva, unha represión de status sobre aqueles que ostentaban o recoñecemento social. A eficacia da represión non foi unicamente atribuíble á dominación militar en si, senón que en gran medida foi posible pola propia colaboración da comunidade local (e ás veces ata doutros compañeiros médicos) a cal contribuía con denuncias, ou coa organización de milicias de vixilancia e información como p.e. os "Cabaleiros de Santiago" na capital ourensá ou en zonas rurais. Primeiro chegaron os encarceramentos, os exilios, as mortes, as destitucións en postos sanitarios nos Hospital Provinciais (Ourense, Lugo, Santiago de Compostela) e na estrutura da Beneficencia Provincial (A Coruña, Ourense,...) ou na sanidade rural. Tempo despois as depuracións no Colexio de Médicos e nos Tribunais de Responsabilidades Políticas.

Xa foron estudados os procesos de depuración no Colexio de Médicos da Coruña (Gurriarán, 2006) e en Ourense (Simón, 2010). Para Ourense, estimouse que se abriu expediente de depuración ao 8,29% dos colexiados, aínda que é obrigado recordar que non se puido manexar toda a documentación por estar xa destruída parte da mesma e que médicos que fosen candidatos á instrución dun expediente de depuración na posguerra foran asasinados, faleceran nos anos da Guerra Civil ou marcharan ao exilio. Moitos dos médicos aos que se lles instruíu un expediente xa sufriran penas de cárcere, despedimentos, multas, inhabilitacións para exercer, nos anos previos e algúns o sufrirían nos seguintes. Foron auténticos "procesos en cascada". Tamén se fixeron expedientes de depuración das matronas.

Despois chegaron os Tribunais de Responsabilidades Políticas. Estes xulgaban a implicación política co réxime republicano daqueles que, segundo os responsables militares, colaboraran abertamente cos partidos antes da sublevación. Actuaban directamente sobre os bens dos procesados, procedendo á súa conxelación ou embargo, e impondo fortes multas e sancións. Como destacaron diferentes

Correspondencia
David Simón Lorda
Email: david.simon.lorda@sergas.es

autores ourensáns como Laura Novelle e Xulio Prada, a fase de instrución de expedientes significaba sempre levar a cabo unha investigación exhaustiva dos antecedentes políticos, ideolóxicos e morais de cada persoa procesada e do seu contorno familiar e social, na que se vían implicadas diferentes instancias (xuíces municipais, alcaldes, falanxe, garda civil e párrocos da localidade onde residise o investigado). A presión e intromisión na vida íntima e familiar de cada un dos médicos investigados era moi forte.

ALGÚNS NOMES desta MICROHISTORIA da REPRESIÓN aos MÉDICOS:

Nas catro provincias galegas son fusilados, ao longo dos primeiros meses tras o golpe de estado de xullo de 1936, destacados médicos dos Hospitais Provinciais e Municipais, así como médicos titulares de numerosos municipios galegos. Moitos outros foron encarcerados e inicialmente condenados á morte pero indultados despois por variados motivos. E, finalmente, moitos conseguiron salvar a súa vida grazas ao exilio. De médicos galegos que tiveron que marchar ao exilio ou polo seu apoio á guerrilla foron encarcerados, multados, depurados,..., xa falamos nas dúas entregas previas desta serie de artigos. Citaremos a algúns nomes, sen ánimo de ser exhaustivos xa que recordamos que a lista son máis de 150 galenos. A listaxe é longa, pero dada a experiencia da análise dos arquivos ourensáns (sobre todo no relativo aos tribunais de responsabilidades políticas e aos expedientes de depuración dos Colexios de Médicos), estamos seguros de que houbo máis médicos galegos que foron represaliados na guerra e nos anos da posguerra, e cuxos casos aínda non saíron á luz.

OURENSE

Carlos Reino Caamaño: Era o alcalde (Frente Popular) de Verín en xullo de 1936. Natural de Negreira (A Coruña), exerce como médico na zona de Verín na II República. Tras un Consello de guerra é condenado á morte en compañía doutras persoas da comarca de Verín. Foi fusilado no Campo de Aragón en Ourense en xuño de 1937.

José Meixengo Pereira: Era outro dos alcaldes da Frente Popular nos días da sublevación militar. Desde Arnoia, que era o concello do Ribeiro no que ostentaba o bastón municipal, pasa a ser encarcerado no Mosteiro de Celanova nos primeiros días de xullo do 36. Sofre Consello de Guerra e consegue librarse de condena á morte... e tamén das "sacas" nocturnas que periodicamente os falanxistas realizaban para "claudiar" no Alto do Furiolo aos presos do convento-cárcere celanovés. En 1937 é trasladado a Oseira. Neste mosteiro-prisión chegaron a estar recluídos máis de 200 presos. Tras a guerra consegue destino como médico na zona de Celanova e Verea onde exercerá ata próxima a súa xubilación. Chega a ser un dos médicos máis afamados da comarca. Mantivo ata o fin dos seus días as súas conviccións socialistas.

Antonio Vázquez de Parga: Este oftalmólogo do Hospital Provincial de Ourense é destituído en agosto de 1936 xunto con outros profesionais sanitarios (entre eles o director do Hospital, o xinecólogo Manuel Pena Rei, do cal xa falamos en entregas anteriores) e traballadores do Hospital (lavanadeiras, enfermeiros, porteiros,...). Era o presidente en 1936 da Unión Republicana. Nunca regresou a traballar ao Hospital.

José Pardo Babarro: "Brazo y Cerebro" era o nome do xornal anarquista (CNT-FAI) da Coruña no cal escribía acerca de temas de sexualidade nos anos 1935-1936 este médico oftalmólogo ourensán. Tamén deixou plasmadas as súas inquietudes políticas e sociais xa desde a súa época de estudante de Medicina en Santiago cando pertencía ao sindicato da Sanidade da CNT. Mantivo colaboracións en xornais anarquistas como "Solidariedade Obreira" da Coruña. Todo perdeuse na Guerra Incivil. Pardo Babarro foi enrolado á forza nas filas rebeldes e morre en 1938 nalgunha fronte descoñecida.

Perfecto Herbella Gómez: Importante líder do movemento agrarista e máis tarde de Izquierda Republicana na zona de Castro Caldelas. Sofre multas, depuración, desterro en diferentes destinos: Xunqueira de Ambia, Celanova, Manzaneda. É este outro médico ligado a iniciativas xornalísticas da época. Colaborou con Manuel Casado Neto, caldelano ilustre, fiscal e poeta, e co cal colaborou na iniciativa e empresa de editar dous xornais agrarios: cara a finais dos anos 20 El Defensor de Caldelas, e xa logo en 1931 o xornal El Agro "xornal de esquerdas". Mantivo unha próxima e duradeira amizade con outro colega médico represaliado en Castro Caldelas, Claudio Movilla Carneiro.

Manuel Fábrega Coello: Médico ourensán, que exercía no concello zamorano de Lubián, no "territorio arraiano das Portelas". Fusilado en Zamora en 1936 tras sufrir Consello de Guerra por axudar a un xeneral republicano a escapar a Portugal. Este médico era curmán de Luís Fábrega Coello (Presidente da Deputación de Ourense, 1931-3, Partido Republicano). Foi presidente da Asociación Republicana Radical de Lubián desde 1932 e fixo campaña pola Frente Popular en 1936 en Lubián (Zamora). Foi homenaxeado polo concello de Lubián, presidido por unha alcaldesa do PSOE, en decembro do 2006 non contexto dunhas Xornadas Culturais (I Xeiras das Portelas).

Habería que seguir facendo referencias a moitos outros nomes de galenos ourensáns que sufriron algún tipo de represión (cárcere, multas, depuración, detencións, exilio, morte): **Antonio Fernández Carnicero** (exiliado a México e unha das máis importantes figuras do Partido Comunista en Ourense en 1936), **Gonzalo Gurriarán Gurriarán** (Barco de Valdeorras), **Antonio Encinas Rodríguez** (de Ribadavia e exiliado en México), **J. Camilo Feijóo Álvarez** (Avión), **Juan Manuel Arias Jares** (de Viana do Bolo e fundador

do PSOE local na Segunda República), **Fermín Fernández García** (da Mezquita e irmán de Augusto Assía), **Antonio Gelpi Asorey** (vinculado familiarmente a Xinzo de Limia, e fusilado en Madrid), **Antonio Fernández Montero** (Cortegada), **Julián Bravo Pérez** (Médico militar de Ourense), **Luís Carrero Nine** (Ourense), **Enrique dos Arcos Fajardo** (O Carballiño), **Ramón Bermúdez Trasmonte** (Pobra de Trives), **Luís Villarino** (Castrelo de Miño), **Jose Luís Blanco Vicente** (alcalde da Fronte Popular en Manzaneda), **José Aspilche Xusto** (Montederramo), **Gustavo Contreras Cerdeiriña** (Verín), **Ramón Villarino Arias** (Toén), **Luís Díaz Galego** (Vilar de Barrio), **Serafín Barros Nóvoa** (Castro Caldelas), **Juan Martínez Neira** (Larouco), **Silvio París Villar** (Ourense), **José Rodríguez Portugal** (Amoeiro e Ourense), **José González Pérez** (Barbadás), **Carlos Guitián Fábrega** (Ourense), **Bernardino Temes Fernández** (Ourense), **Nicolás Ramón López Aydillo** (Ourense, aínda que con vida profesional en Madrid na contorna de Ramón e Cajal e de Lafora), **Roberto Tizón Aguiar** (de Carballiño e emparentado por vía da súa esposa Eva Dainow cos dentistas xudeus establecidos en Ourense desde facía anos, os **Dainow Dicker**, quen tamén sufriron exilio e represión), **Manuel Vázquez Álvarez** (Ramirás).

Houbo médicos que chegaron a Ourense na posguerra por mor das depuracións, destellos ou encarceramentos que sufriron noutras zonas baixo dominio franquista. Así podemos citar aquí a médicos como **Manuel García López de Lara**, ou os irmáns valencianos **Roberto e Federico Lloria Llovera**, ou o vallisoletano **Francisco Bejarano Fraile**... Dicer que estes dous últimos, a pesar de estar xa moi "marcados" polo seu compromiso republicano previo, mantiveron militancia e activismo antifranquista (vinculados á organización do Partido Comunista) así como activo apoio ao maquis ourensán nos difíciles anos da posguerra.

A CORUÑA

Sixto Aguirre Garín: Estudante de Medicina en Santiago e militante de Esquerda Republicana. En xullo de 1936 é encarcerado en Santiago xunto con outras persoas, entre elas o médico Francisco Comesaña. Deles quedaron para a posteridade conxuntamente con outras persoas detidas naqueles días os retratos que fixo o escenógrafo e delineante compostelán, Camilo Díaz Baliño, pai do intelectual e empresario galeguista Isaac Díaz Pardo, feito recollido e integrado na novela de Manuel Rivas "*O Lapis do carpinteiro*"... Aguirre e Díaz Baliño compartiron as súas últimas horas sendo asasinados en Saa-Meixide-Palas de Rey (Lugo) na madrugada do 14 de Agosto de 1936 tras ser postos en liberdade unhas horas antes polos seus "paseadores".

Arturo Briones Varela: Médico de Frades (concello da comarca de Ordes, próxima a Santiago). Estaba vinculado á Fronte Popular segundo algúns autores, o que non é corroborado polo seu familiar informante, o cal apunta a motivos de rivalidade e vinganza por

motivos socioeconómicos. É fusilado o 28 de novembro de 1936 (no cemiterio de Boisaca) en Santiago de Compostela tras sufrir Consello de Guerra. Tiña 35 anos. O seu irmán Cesáreo Briones Varela, alumno de medicina na Universidade de Santiago (1924-1935), era militante anarquista na etapa republicana. Foi un dos fundadores do Ateneo Libertario de Santiago en 1932, e director da Biblioteca Circulante Comunista-Libertaria. Loitou xunto ao bando republicano e sufriu diferentes encarceramentos durante a Guerra Civil.

Manuel Calvelo López: Licenciase en medicina en Santiago en 1927. Ao graduarse contraeu matrimonio con Isabel Ríos Lazcano, militante comunista desde 1934 e cuxas ideas políticas compartiu. Logo traballa como médico en Los Llanos (illa da Palma-Canarias). Ao proclamarse a República regresa á península exercendo como colaborador na cátedra de Nóvoa Santos en Madrid. Desde 1932, foi axudante temporal do Seminario de Xenética de Patoloxía Xeral do profesor Nóvoa Santos, e prorrogado en xaneiro de 1935 como axudante de Jimena Fernández de la Vega. No verán de 1936, regresou a Galicia de vacacións, a Curtis, onde colabora activamente para a defensa da República. Afiliase ao Partido Comunista en 1936. El e a súa esposa son detidos e ambos foron condenados á morte. Calvelo foi fusilado en Santiago en decembro de 1936. A Isabel Ríos lle conmutaron a pena e seguirá presa nos cárceres de Santiago, Saturrarán (País Vasco),... onde levaban ás mulleres que a Ditadura consideraba como máis perigosas. Consegue a liberdade condicional o 21 de marzo de 1943.

Manuel Fernández López: Médico da Pasaxe (A Coruña) e que é condenado á morte por axudar ao deputado socialista madrileño Luís Rofilanchas, ao que o golpe de estado pilla na Coruña. O doutor Fernández López era cuñado do pintor e artista Luís Seoane. Foi fusilado o 11 de xullo de 1937 na Coruña xunto con outras dez persoas acusados todos de axudar ao político madrileño.

Antonio Fernández Saavedra: Tras emigrar a Cuba e a Barcelona, onde traballa como practicante e estuda a carreira de Medicina, enrólase nas filas do exército republicano. Combate como capitán médico na fronte de Teruel. Tras ser apresado e pasar por un campo de concentración, é enrolado no exército "nacional" e é destinado ao seu Galicia natal, onde exerce no Hospital de Sangue do Colexio do Ensino da Coruña ata febreiro de 1940. É detido nesa data e condenado en Ferrol a trinta e cinco anos de cárcere. En liberdade provisional impedíuselle exercer, e sufriu constantes episodios de ameazas e vixilancia especial por parte da Brigada Política Social da Coruña, na que estaba confinado mentres durase a condena. Represaliado ata 1962, tivo que deixar de exercer a medicina e refacer a súa vida. Entre 1977 e 1982 colabora coa agrupación socialista da Coruña en diversos mitins e actos políticos. Unha autobiografía das súas andanzas e vivencias Antoloxía de un hombre

que perdeu o seu futuro foi publicada en 1986.

José García Ramos y Segond: Estudou medicina na Universidade de Santiago e especializouse en Dermatoloxía e Medicina forense; inventou un electrodo para aplicar a diatermia. Foi vicepresidente da Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. En 1929, ingresou na logia masónica "Pensamento e Acción" Nº 11, en A Coruña. Durante a Segunda República foi elixido deputado pola provincia da Coruña polo Partido Republicano Radical nas eleccións xerais españolas de 1933 e por Unión Republicana, nas de 1936. O estalido da Guerra Civil sorprendeulle na Coruña. Foi encarcerado na prisión provincial da torre de Hércules, onde traballou como médico na enfermaría. Logo da guerra foi xulgado polo Tribunal Especial para a Represión da Masonería e o Comunismo, condenado e inhabilitado. Logo de pasar uns anos nos cárceres de Burgos e Puerto de Santa María, volveu á Coruña, onde continuou exercendo de dermatólogo.

Juan González González: Médico de Porto do Son (Coruña) en 1936. Integrouse no sindicato da CNT de Portosín. Sentenciado en xaneiro de 1937, foi condenado a cadea perpetua e inhabilitación absoluta perpetua por auxilio á rebelión. Permaneceu prisioneiro catro anos, dous nos baixos do Pazo de Raxoi e outros dous na Prisión Provincial da Coruña. Ao saír, estivo sen poder exercer ata a amnistía decretada polos "25 anos de paz". Durante anos estivo vixiado e, nalgunha ocasión, requirido no cuartel da Garda Civil. Ao reintegralo o seu posto de traballo, exerceu a medicina rural en Xuño e en Porriño, ata a súa xubilación.

Luis Morillo Uña: Estuda a carreira de Medicina e fai tamén o doutoramento en Madrid en 1930. Estivo pensionado pola JAE en Alemaña e en París. Foi discípulo de Varela Radío. Ao comezar a Guerra Civil era decano da Facultade de Medicina de Santiago e catedrático de Xinecoloxía. É destituído pola Delegación Militar da Coruña en agosto de 1936. Acosado e perseguido pola Falanxe de Santiago, terminase suicidando no seu propio domicilio o 4 de xaneiro de 1937.

Jaime Quintanilla Martínez: Estuda Medicina en Santiago e establécese como médico en Ferrol. Foi alcalde do PSOE na Cidade Departamental entre 1931 e outubro de 1934. Volveu ao concello desde febreiro a xullo de 1936, pero como concelleiro, xa que o posto de alcaldía cédello un compañeiro de partido. Diferentes autores afirman que xunto con Heraclio Botana foi un dos grandes líderes do socialismo galego do primeiro terzo do século XX no cal comeza a militar en 1920. Era escritor, e desde moi pronto colabora coas Irmandades da Fala e na prensa nacionalista, á vez que escribe pezas dramáticas en lingua galega. Creou e dirixiu a revista "Céltiga", e dirixiu o boletín "Galicia rexionalista". Formou parte da xestora da Deputación provincial da Coruña, que presidía José López Bouza, de Izquierda Republicana. Así mesmo tomou parte na campaña para o referendo de aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Trás a sublevación militar contra o lexítimo goberno republicano, foi detido en dúas ocasións, ambas na súa casa, sendo liberado na primeira delas. Na segunda, foi encerrado no buque prisión "Plus ultra", do que o sacaron o 17 de agosto de 1936 para ser fusilado, sen xuízo, no muro do cemiterio de Canido, xunto con outros catorce presos, entre eles o mestre Juan García Néboa. O seu fillo, o médico Jaime Quintanilla Ulla, foi logo o primeiro alcalde de Ferrol unha vez restablecida a democracia (1979-1987).

Vicente Varela Radío: Antes da proclamación da Segunda República foi presidente do Centro Republicano en Santiago. Militante da ORGA e amigo de Casares Quiroga, foi nomeado Gobernador Civil de Pontevedra en abril de 1931 e posteriormente foino en Ourense ao ano seguinte. En 1932, ao ser nomeado director do Hospital Clínico Provincial de Santiago abandona a actividade política, aínda que seguiu sendo militante de Izquierda Republicana. Ao iniciarse a Guerra Civil foi destituído do seu posto de director do hospital e sufriu incautación de bens así como varias multas, algunha de 15.000 pesetas. Uns meses máis tarde, en xullo de 1937, foi detido e encarcerado por pertenza á logia Libredón nº 6 de Santiago de Compostela. En dita logia tamén estaban os médicos Arturo Cervigón e Amancio Caamaño, ademais do estudante de Medicina Fernando Barros. O Tribunal Especial para a represión da Masonería condenouno en 1942 a doce anos e un día de reclusión menor, que logo lle foi rebaxada a seis de prisión maior. Devandita condena cumpríuna no penal de Santa María (Cádiz) entre xaneiro e decembro de 1943, saíndo entón de devandito cárcere para ser confinado na súa localidade natal de Pontevedra ata 1947.

Foron asasinados outros médicos ligados á provincia coruñesa como **José Eugenio Etcheverría Naveira** (médico de Betanzos e que foi fusilado ao comezar a guerra), **José Allegue do Río** ("paseado" en Pontedeume en agosto de 1936), **Manuel Morgado González do Val** (médico e concelleiro socialista de Ferrol; fusilado en agosto de 1936), **Luis Pérez Carballa** (médico militar da Armada, foi arrestado e procesado en xullo de 1936 por negarse a participar na sublevación militar. Foi fusilado en Ferrol por "adepto á República" o 15 de marzo 1937), **José del Río Martínez** (de Pontedeume, de cuxa cárcere é sacado para ser asasinado en setembro de 1936), **Eugenio Rodríguez Bilbao** (médico de Santa Uxía de Ribeira e militante do PSOE; fusilado en xaneiro de 1937 en Compostela), **Eduardo Sánchez Fraga** (médico e veciño da zona de Mugarbos; simpatizante comunista; fusilado con outro grupo de persoas da zona, entre elas o alcalde de Mugarbos, en agosto de 1936), **Manuel de los Ríos Mosquera** (médico natural de Abegondo- A Coruña, foi médico en Ronda -Málaga, onde pertencía á Logia Giner 19; foi detido na Coruña; logo xulgado e fusilado en Málaga). Houbo outros médicos que a pesar de ser xulgados por rebelión non foron condenados á morte aínda que si a penas de cárcere, p.e. **Eduardo González Moro** (médico e veciño da Coruña condenado a doce anos e un día de prisión).

A lista de médicos represaliados na Coruña completárase con outros nomes como os que tiveron que marchar ao exilio: **Castelao, José Pardo Gayoso, Gumersindo Sánchez Guisande, Antonio Baltar Domínguez, Manuel Miñones Bernárdez** ou **Leoncio Virgós**,... ademais dos que por apoios á guerrilla sufriron cárcere, multas ou outras modalidades represivas: **José Segade Vidal, Ramón Baltar Domínguez, Ulpiano Villanueva de Castro, Chacártegui**, os irmáns **Goyanes**... e moitos máis galenos dos que xa falamos en entregas anteriores. Supomos que unha revisión dos Expedientes de Responsabilidades Políticas da provincia da Coruña achegaríanos máis nomes de galenos represaliados.

PONTEVEDRA

Darío Álvarez Limeses: Médico en Tui onde chega a ser forense. Foi fusilado en 1936. Era militante de Esquerda Republicana. Destacado orador e conferenciante, funda en Tui o semanario *"La Opinión"*, desde onde critica duramente o caciquismo reinante. Un dos seus fillos, Xosé María Álvarez Blázquez-escritor, editor e investigador galeguista- é desterrado a Zamora. O seu fillo maior, o médico Darío Álvarez Blázquez foi tamén encarcerado nos anos da Guerra e logo de novo en 1947 baixo a acusación de pertencer á Unión de Intelectuales Libres.

Telmo Bernárdez Santomé: Era médico inspector municipal de Sanidade de Redondela. Pertencía a Izquierda Republicana. Foi fusilado, aos 51 anos, co médico Caamaño e outras persoas na prisión de A Caeira (Pontevedra) o 12 de novembro de 1936.

Amancio Caamaño Címadevila: Doutor en Medicina e cirurxián do Hospital Provincial de Pontevedra. fora presidente da Deputación de Pontevedra no primeiro bienio republicano. Membro de Izquierda Republicana, foi Gobernador Civil de Pontevedra ata febreiro de 1936. Foi acusado de pertenza á masonería e colaboración con Socorro Rojo Internacional. As súas propiedades (sanatorio privado e vivenda) foron incautadas, e non foron devoltas ata finais dos corenta tras longo expediente.

Alejo Diz Xurado: Médico e primeiro alcalde republicano de Tui. Pertencía a Izquierda Republicana. É fusilado o 30 de outubro de 1936 con Darío Álvarez Limeses, xunto á Alameda de Tui,, acusados de "adhesión entusiasta e voluntaria á rebelión voluntaria e comunista da Frente Popular".

José Antonio Fernández de la Vega: Médico establecido en Ponteareas (Pontevedra). Inicialmente adscrito ao socialismo reformista de Ponteareas, inclínase cara ao republicanismo a partir de outubro de 1934, sendo un dos fundadores de Izquierda Republicana en Ponteareas en marzo de 1935. Foi Gobernador Civil en Lugo de febreiro a xuño de 1936, e en Málaga, de xuño a

setembro de 1936. Tras pasar por diferentes vicisitudes, ao acabar a guerra exiliase a Francia onde é detido en 1940 pola Gestapo, devolto a España e levado á prisión de Málaga, onde de novo exerceu a súa profesión entre os seus compañeiros reclusos. Foi condenado á morte e executado.

Waldo Gil Santostegui: Exercía como médico en Vigo. Membro do PSOE e da UXT e vinculado ao agrarismo. Foi concelleiro na cidade olívica. Fusilado en 1936 tras un consello de guerra.

José Gómez Sampayo: Asasinado por un grupo de falanxistas na madrugada do 9 de novembro de 1936 xunto a outras dez persoas, veciñas de Arbo e de Lalín. Os once foron sacados o día anterior pola noite do cárcere da illa de San Simón co pretexto dun traslado á penitenciaría de Ponte Caldelas. Xamais chegarían a ese destino, senón que foron "paseados" na Volta do Couto, municipio de Cotobade.

Agustín Jorge Echeverri: Médico e alcalde (Frente Popular) de Cangas do Morrazo. Detido a finais de xullo de 1936, e, tras un consello de guerra en Pontevedra é fusilado o 28 de setembro de 1936.

Juan Montaña Fernández: Médico oculista. Militou politicamente en Unión Republicana. Ingresou na masonería en 1930, na logia "Vicus". É detido en Vigo acusado de masón en novembro de 1936. Tras dous días de detención sae en liberdade tras facer un "donativo para o Exército" de 2.000 pesetas. Volve ser detido polos mesmos motivos en setembro de 1937, permanecendo encarcerado na prisión de Vigo ata abril de 1940. Volve ser procesado en setembro de 1942 polos mesmos motivos, sufrindo cárcere en Madrid, Burgos e Valladolid. En febreiro de 1945 permítenlle saír do cárcere e marchar confinado a Ribadavia onde residía unha das súas fillas. O 7 de marzo de 1946 termina a súa privación de liberdade e pode regresar a Vigo, onde aínda lle esperaba loitar contra a súa inhabilitación profesional imposta polo TRP.

Celestino Poza Cobas: Médico pontevedrés, e deputado pola Unión Republicana nas eleccións de 1936. Pénsase que pertencía á francmasonería pontevedresa. En agosto de 1936 é detido, torturado e xulgado en consello de guerra, e condenado a prisión. Foi encarcerado cun dos seus fillos (o médico Celestino Poza Pastrana) na Illa de San Simón, onde recibe a noticia do fusilamento do seu outro fillo, Luís. Acolido a varios indultos foi posto en liberdade en 1941. A súa clínica e a súa casa foron saqueadas e os seus bens incautados, aínda que logo puido exercer a profesión. O seu fillo, Luís Poza Pastrana, tamén médico do Hospital Provincial de Pontevedra e que fai campaña pola Frente Popular en 1936, foi fusilado en Pontevedra o 12 de novembro de 1936. Outro fillo de Poza Cobas

era Celestino Poza Pastrana. Militaba na Unión Republicana e é detido e encarcerado en Pontevedra e máis tarde na Illa de San Simón, ata novembro de 1937. Xulgado por rebelión militar con resultado de absolución. Sobrevive en difíciles circunstancias. Ata 1943 non se lle devolven bens familiares. Foi detido de novo en 1947, por breve tempo, acusado de pertencer á denominada Unión de Intelectuales Libres. Axudou a persoas escapadas e exerceu o seu labor de forma filantrópica. Ata 1951 non foi repostado no seu cargo de cirurxián no Hospital Provincial.

Outros médicos de Pontevedra que foron asasinados: **Eugenio Arbones Castellanzuelo** (Toco-xinecólogo de Vigo vinculado ao PSOE), **Angel Cadavid Caamaño** (Médico do Grove e líder local de Izquierda Republicana), **Adolfo Morgade Pazos**, **José Rodríguez Vigo** (de Tomiño; era dentista), **Abraham Zbarsky** e o seu fillo **Jacobo Zbarsky** (ambos eran dentistas de orixe rusa, establecidos en Pontevedra desde inicio dos anos 20).

Ademais outros galenos sufriron diversas modalidades represivas: **Antonio Ocampo Otero** (Redondela), **José Enríque Pereira Míguez** (Redondela), **Antonio Requejo Cambeses**, **José Moreira Casal** (médico en Vilagarcía de Arousa), **Eugenio Muñoz González**, **Severino Alonso Gonda** (de Nigrán, procesado, encarcerado e inhabilitado por pertenza á masonería), **José Ramón de Castro Rodríguez** (procesado e encarcerado acusado de pertenza á masonería), **Modesto García Nóvoa**,... Marcharon ao exilio, moitas veces tras sufrir cárceres, multas etc. **Simeón Kúper Hornstein**, **José María Fernández Colmeiro**, **Benito Búa Rivas**, **Hermenegildo** e **Marcelino Losada Loureiro**, **Alejandro Otero Fernández**, **Leoncio Jaso Roldán**,...

LUGO

Balbino Cerdeiras Rei: Médico dentista e alcalde republicano da Frente Popular (Partido Galeguista) de Viveiro en 1936. É encarcerado en Lugo. Fusilado o 12 de maio de 1937 tras sufrir consello de guerra sumarísimo xunto con outros membros da corporación municipal.

Manuel Díaz González: Médico do Incio. Foi deputado provincial e presidente local de Izquierda Republicana polo menos desde 1934. Moi coñecido en toda a súa comarca natal co mote de "O pequeniño do Incio" por mor da súa curta estatura. Asasinado nos arredores da aldea de Eirixalba en setembro de 1936, foi homenaxeado recentemente no Concello do Incio (2011) onde foi colocado un busto nun parque público cerca do Concello e un monólito no lugar onde foi paseado e asasinado.

Antonio Rodríguez Darriba: Médico pensionado pola Xunta de Ampliación de Estudos (JAE) en Hamburgo e Liverpool para formarse en Parasitoxía e Hematoloxía entre 1928 e 1931. Traballou no Laboratorio de Parasitoxía da Facultade de Medicina

de Madrid, dirixido por Gustavo Pittaluga, máxima autoridade neste campo, especialmente no paludismo. Chega a capitán médico no exército republicano, onde lle encomendan responsabilidades na loita antipalúdica. Logo da guerra retorna a Ribadeo, onde traballa como médico especialista en análises clínicas. A súa brillante carreira científica na preguerra vai quedar xa escurecida total ou parcialmente. Deixou inéditos dous manuais: Tratado de Paludismo e Entomoloxía médica.

Donato Ron Sánchez: Estuda a carreira de Medicina en Santiago e fixo a especialidade de Xinecoloxía en Madrid. Republicano afín a Azaña e amigo de Casares Quiroga. É xulgado en rebelión. O médico e os seus tres irmáns, todos eles veciños de Lourenzá foron perseguidos e procesados. Segundo informacións achegada pola familia, os irmáns Ron estiveron escondidos durante toda a Guerra Civil. Inicialmente e durante un ano estiveron no convento de Samos (Lugo). Posteriormente en agochos na casa da familia na propia Lourenzá. Estivo tamén inhabilitado para traballar durante tres anos tras terminar a Guerra Civil.

José María Torviso Bermúdez: Médico e veciño da Pontenova. Foi executado en Lugo en febreiro de 1937.

Carlos Vázquez Fernández-Pimentel: Traumatólogo que exercía no Sanatorio Pimentel de Lugo. Foi tenente de alcalde polo Partido Socialista na primeira corporación republicana, e alcalde de Lugo entre febreiro e outubro de 1934. No verán de 1936, foi multado e desterrado a Asturias por un período de seis anos. Irmán do médico e poeta Luís Vázquez Fernández-Pimentel "Luís Pimentel".

Rafael de la Vega Barrera: Exercía a profesión en Lugo polo menos desde 1916, onde era cirurxián e chega ser director do Hospital Provincial de Lugo. Era presidente de Unión Republicana e foi deputado por Lugo polo Partido Republicano Radical en 1931. O 14 de abril de 1931 era presidente do Comité Republicano de Lugo, cidade onde proclamou pacificamente a Segunda República. Pertencía á logia masónica Lucus, na que tiña o nome simbólico de "Dantón". Acusábaselle de pór o Hospital Provincial a disposición dos obreiros que acudiron a Lugo o 20 de xullo de 1936 para tratar de defender a cidade da rebelión militar. O fusilamento de Rafael de la Vega Barrera, levado a cabo a tarde do 21 de outubro de 1936, deixou unha profunda pegada na cidade de Lugo. Non só foi executado senón que se lle impuxo unha multa dun millón e medio de pesetas que, ao non poder ser abonadas polos seus herdeiros, viron embargadas todas as súas propiedades. Embargo que se mantivo dezaseis anos, ata ser levantado por un decreto de indulto de data de 25 de abril de 1952, nunca publicado no Boletín Oficial, cancelado por unha multa de 25.000 Ptas. (Decreto que nunca foi publicado no B.O.E.). Unha rúa de Lugo, unha estatua cun busto do médico asasinado e o nome asignado a un dos tres bloques

de hospitalización do novo centro hospitalario do SERGAS en Lugo (Lucus Augusti) levan o nome de Rafael de la Vega Barrera.

Outros nomes de médicos represaliados en Lugo: **Francisco Lama López** (Alcalde Lugo por FP en 1936, encarcerado en Lugo e Pamplona), **Mario López Durá:** (Ribadeo), **Mariano Cedrón Noguerol**, **José Ferreiro Barja** (Castroverde), **José Escobar Magdalena** (Baleira), **Germán Fanego Salaverri** (Mondoñedo), **Manuel Maceda López** (Sarria-Pobra Brollón), **Segundo Mariz Giménez** (Taboada), Plácido Orosa Pena (Vilalba), **Dimas Suárez Suárez** (Taboada), **Armando Peñamaría Álvarez** (de Fonsagrada e deputado de gran proximidade a Portela Valladares; sofre cárcere), **Domingo Pérez Gándaras** (Baralla), **Manuel Pérez Prieto** (Ribadeo), **Antonio Arias Vázquez** (Lugo), **José Luís Arias García** (Carballedo), **Ricardo Cedrón Fernández** (Cervantes), **Domínguez Díaz Castroverde** (O Corgo), **Xulio Feliz Rodríguez** (Lugo), **Miguel Pedra Garda** (Foz, Ribadeo..) e **José Mel Pérez** (Alfoz, Foz), **Agustín García Santaclara** (Chantada), **Julian Moreira Moreira** (Láncara), **Feliciano Nogueira Marrondo** (Baleira), **José Rodríguez Pereira** (Lugo; "; na posguerra parece que axudou á guerrilla; era fillo do famoso médico lugués **Jesús Rodríguez López "Gambetta"**).....

Tiveron que marchar ao exilio médicos como: **Afonso Díaz Trigo** (a Arxentina), **Ángel Díaz Vázquez** (Arxentina), **Rafael Fernández**

Cardoso (de Ribadeo, Alcalde de Ribadeo en 1931 por PRR, marcha a Arxentina), **Gaspar Tomé Alonso** (de Vilalba, exíliase a México), **Paulino Suárez Suárez** (de Taboada; vinculado á JAE, colaborador e amigo de Negrín, Grande Covián, Severo Ochoa... Exíliase a Cuba e a Londres)..

EPÍLOGO

A recuperación de aspectos esquecidos ou silenciados da represión franquista aquí expostos, desborda o interese local e constitúe unha pequena achega de datos e pistas para proseguir no estudo dun axitado e terrible período da historia da sociedade galega e española. A pesar de todo o publicado e investigado nos últimos tempos, aínda queda moito camiño que percorrer; e non vai ser unha empresa fácil pois desde variados ámbitos políticos e mediáticos ultraconservadores continuamente veñen orquestrando campañas mediáticas e de opinión tratando de frear e as iniciativas de recuperación da historia da represión na Guerra Civil e o franquismo.

Nota aclaratoria: gran parte do texto que se presenta neste traballo foi extraído do libro de David SIMÓN LORDA, "Médicos ourensáns represaliados na Guerra Civil e a Posguerra"(2010, Fundación Dez de Marzo, Santiago). Suprimíronse os pés de páxina, referencias bibliográficas e fontes.